

Albixoi – Mesía, ca. 1984

Informante: Manuela González Pacheco (Manuela *das Forcadas*)

Compilador: Baldomero Iglesias

Autora do rexistro: unha alumna do compilador

Transcrición: Sergio de la Ossa, rev. B. Iglesias

1. Chamácheme rachafaldas
inda non rachei ningunha
se mo volves a chamar-e
heiche de racha-la túa.
2. [Labradora non a] quero
se ma dan, ríome dela
que ten as pernas tolleitas
d' andar a carón da terra.
3. O muíño da Galdoña
bota fariña por riba
o que queira boas mozas
que suba por Castro arriba.
4. O muíño de teu pai
bota silvas darredor-i
as nenas que van a i-el-e
todas perden o color-e.
5. [Ó] muíño de teu pai
eu ben lle sei o tempero
cando 'stá alto, beixalo
cando 'stá baixo, erghelo.
6. Os mozos cando van p'as mozas
parecen santos del cielo
e despois ó que se casan
todos parecen o demo.
7. Olvidáchesme por probe
eu a ti por vaghamundo
o día que ti naciches
naceu a peste no mundo.
8. Se o mar fora de leite
como é de augha salada
eu queriríate a ti-e
aunque non tuveras nada.
9. [No te] mires al espejo
que el espejo te dirá
no es tanta la hermosura
como es la venidá-ie.
10. [Tienes u]na cara blanca
un cuello coma la nieve
no hay muchacha en el mundo
que más suspiros me lleve.
11. Quéroche ben, non hai duda
quéroche ben, non hai duda
quero que nos enterremos
ambos nunha sepultura.
12. [Túa] nai e maila miña
van xuntas no xibelev
unha quedou aló-e
e outra inda non veu.
13. Túa nai e maila miña
van xuntas na romaría
a túa ven borracha
e a miña xa non se tiña.
14. O vello e maila vella
fixeron unha empanada
o vello comeuna toda
e a vella quedou sin nada.
15. Debaixo da miña cama
teño un niño dunha lebre
e ti debaixo da túa
te-lo demo que te leve.
16. Eu caseime por un ano
por saber que vida i-era
o ano fois' acabando
solteiriña, quen me dera!



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades